

## Obxectivos

As competencias en materia de urbanismo comprenden as potestades de planeamento, de xestión e execución de instrumentos planificadores, de intervención no mercado do solo, e de disciplina urbanística. No exercicio destas potestades as administracións públicas gozan dun amplo marxe de discrecionalidade administrativa que lles permite optar entre varias opcións xuridicamente indiferentes. Non obstante, estas potestades urbanísticas non poden ser exercidas arbitrariamente, senón que están sometidas a limitacións e controis.

E así, a lei establece determinadas limitacións coa finalidade de garantir os dereitos constitucionais dos cidadáns en relación co territorio, sexan ou non propietarios do solo, en especial o dereito a un medio urbano e natural adecuado para o desenvolvemento da persoa (art. 45 da CE), o dereito ao acceso a unha vivenda digna (art. 47 da CE) e o dereito de participación nos asuntos públicos.

E tamén establece limitacións para garantir os dereitos dos propietarios do solo, determinando o seu estatuto xurídico básico e os dereitos de igualdade e de participación da comunidade nas plusvalías xeradas polo plan.

O obxectivo deste seminario e coñecer o alcance das potestades de planeamento, de xestión e de disciplina urbanística, as súas limitacións e condicionamentos xurídicos.

## Destinatarios

Alcaldes e concelleiros, persoal das administracións públicas que desenvolva funcións de asesoramento en materia de urbanismo, e interesados en xeral.

## Directores

Hipólito Pérez Novo.  
Juan Raposo Arceo.

## Inscripción

Ver DOG nº 39, do venres 26 de febreiro.

## Información

<http://egap.xunta.es> | 981 546 241 / 881 997 014

# seminario sobre A DISCRECIONALIDADE NO EXERCICIO DAS POTESTADES DE PLANIFICACIÓN, XESTIÓN E DISCIPLINA URBANÍSTICA

8-9 de marzo de 2010

EGAP | Rúa de Madrid, 2-4  
Santiago de Compostela



## Luns, 8 de marzo

**10:00** | Recollida de acreditacións.

**10:30** | Inauguración do seminario. Pablo Figueroa Dorrego. Director da EGAP.

O sistema urbanístico de Galicia. Principios básicos: Utilización racional do solo. Participación da comunidade nas plusvalías xeradas polo plan. Xusta distribución de beneficios e cargas. Participación cidadá. Hipólito Pérez Novo. Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

**11:30** | Pausa Café.

**12:00** | Os dereitos dos cidadáns en relación co territorio. O dereito a vivir nun medio adecuado para o desenvolvemento da persoa. O dereito ao acceso a unha vivenda digna. Os dereitos de participación e de información. A acción pública. Luis Pomed Sánchez. Letrado do TC. Prof. titular de Dereito Administrativo.

**13:00** | A discrecionalidade no exercicio das potestades de planificación urbanística. Limitacións legais. Os mecanismos de control de legalidade e de calidade. Alcance da intervención da Administración autonómica. Garantías dos cidadáns e dos propietarios do solo.

Eva Desdentado Daroca. Profesora da Universidade de Alcalá de Henares.

**17:00** | O estatuto xurídico da propiedade do solo. Facultades urbanísticas: apropiación do aproveitamento urbanístico. Deberes e cargas urbanísticas: cesión, urbanización e equidistribución. O papel do empresario promotor da actividade urbanística.

Juan Raposo Arceo. Profesor da Universidade da Coruña.

**18:00** | Desviación de poder e apropiación indebida de aproveitamento urbanístico lucrativo.

Hipólito Pérez Novo. Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

## Martes, 9 de marzo

**10:00** | O control xurisdiccional das potestades urbanísticas. Medidas preventivas. Execución de sentenzas.

Enrique García Llovet. Maxistrado do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 da Coruña.

**11:00** | Os delitos urbanísticos. Outros delitos relacionados coa actividade urbanística.

Antonio Vercher Noguera. Fiscal coordinador de Medio Ambiente e Urbanismo.

**12:00** | Pausa Café.

**12:30** | Mesa redonda: A limitación da discrecionalidade no exercicio das potestades urbanísticas.

- Enrique García Llovet.
- Antonio Vercher Noguera.
- Hipólito Pérez Novo.
- Juan Raposo Arceo.

Moderador: Pablo Figueroa Dorrego.

**13:30** | Clausura.

Agustín Hernández Fernández de Rojas. Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

